# Unidade 2 - Proba

**Cualificación**

**Nome e apelidos**

**Data**



**1. Completa as oracións coas palabras do recadro.** (1 punto)

| | | |
|---|---|---|
| pesimista | orgullo | meter a pata |

Cando non estás seguro de algo, é mellor calar ca ____________________.

É unha persoa demasiado __________________, sempre pensa o peor.

Para min é un verdadeiro __________________ ter uns pais coma os meus.

**2. Entre as seguintes familias de palabras coouse unha intrusa. Ríscaa.** (1 punto)

libro – libraría – libreiro – calibre

festa – festival – manifesto – festivo

terra – enterrar – terrible – soterrar

sol – solfexo – solleiro – solar



**3. Completa as palabras destas oracións cos tritongos axeitados.** (1 punto)

Anxo estudou moitísimo para o exame de Soc ____s.

Ao final contax____nos o virus a toda a clase.

O resultado anunc____nolo por megafonía.

Sentiu un grande abr____ cando me viu. Foi toda unha sorpresa!

**4. Subliña os verbos auxiliares das oracións seguintes.** (2 puntos)

A verdade é que non dou feito, entre unhas cousas e outras non me dá o tempo.

Non sei como é o teu can, pero como siga así será atacado polos outros.

Quizais levemos camiñados vinte quilómetros hoxe, e levamos a mochila cargada!

Cada vez que veñen nunca teñen présa. Din que van marchar e non dan marchado.



snappet

# Unidade 2 - Proba

**Nome e apelidos**

**Data**

## 5. Subliña os verbos defectivos nas seguintes oracións. (2 puntos)

Onte amenceu ás sete. Como se nota que chega o cambio de estación...
O ano pasado estivemos no Cebreiro, pero choveu tanto que volvemos antes do previsto. A min non me importa que chova, o que me non me gusta nada é cando hai tormenta e non para de tronar, e menos cando anoitece.
En fin, esperemos que o vindeiro ano neve e, así, polo menos podemos xogar a facer bólas.

## 6. Le o poema e resolve as preguntas. (1 punto)



Nun xardín de brillantes cores
uns paxariños voan e pían.
Están ledos cos seus amores
e exultantes de alegría.

**a.** Marca cun X cantos versos ten a estrofa.

- ☐ 4 versos
- ☐ 1 verso
- ☐ 2 versos

**b.** Marca cun X cal é a temática do poema.

- ☐ O xardín e as flores
- ☐ O amor e a alegría
- ☐ As cores dos paxaros

## 7. Pensa nunha historia e escribe un conto breve. Lembra incluír unha introdución, un nó e un desenlace. (2 puntos)

____________________________________________________________

____________________________________________________________

____________________________________________________________

____________________________________________________________

____________________________________________________________

____________________________________________________________

____________________________________________________________

____________________________________________________________

____________________________________________________________